

Orde do 18 de novembro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Orde do 20 de marzo de 2009 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

A orde da Consellería do Medio Rural do 20 de marzo de 2009 (DOG nº 58, do 25 de marzo) establece a convocatoria para 2009 para a concesión de

subvencións para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

No seu artigo 5, indícase que o financiamento das axudas previstas nesta orde se fará con cargo aos orzamentos da Consellería do Medio Rural para o ano 2009, na aplicación orzamentaria 11.03.713D.781.0, cunha dotación de 125.000 €; e con fondos transferidos polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, de acordo co previsto no Real decreto 1615/2007, do 7 de decembro.

Unha vez recibidos os ditos fondos, considérase oportuno ampliar o importe da dotación orzamentaria consignada inicialmente para a concesión das mencionadas axudas.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.-*Obxecto.*

1. Amplíase a dotación orzamentaria con fondos transferidos do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño despois da correspondente xeración de crédito, segundo se establece no artigo 5 da Orde do 20 de marzo de 2009 (DOG nº 58, do 25 de marzo) pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2009 as axudas para fomentar a produción de produtos agroalimentarios de calidade de orixe animal.

2. O incremento da dotación será con cargo á aplicación orzamentaria 49.04.741A.771.0 por un importe de 241.545 euros.

3. En todo caso, a concesión das axudas reguladas na mencionada orde estará limitada ás dispoñibilidades orzamentarias.

Disposición adicional

Única.- A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na Orde do 10 de xuño de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación de solicitudes das axudas previstas na mencionada Orde do 20 de marzo de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural